



BASES DE SELECCIÓN DO PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE DA ESCOLA MUNICIPAL DE DEPORTES – XIMNASIA MANTEMENTO E PATINAXE

PROGRAMA: actividades de deportes tempada 2009-2010

As presentes bases teñen como obxecto cubrir os postos de monitor para a actividades de ximnasia de mantemento e patinaxe de deportes tempada 2009-2010. Os postos serán desempeñados por persoal laboral con contrato temporal xustificándose este extremo na baixa temporal do monitor Pablo Torreiro Barros e o deixamento das funcións pola asociación do club patinaxe Abegondo

Para o presente proceso selectivo serán de aplicación as seguintes bases xerais:

1. Os principios de publicidade e concorrencia teranse por cumpridos mediante a publicación do anuncio nun periódico de máxima difusión na provincia.
2. Procedemento de selección: concurso de méritos
3. En caso de presentarse varios candidatos para o posto, será proposto polo tribunal e posteriormente nomeado polo alcalde, o candidato que obteña unha maior puntuación no concurso de méritos, de acordo cos méritos específicos descritos a continuación para o posto. Para estes efectos requiriráselles aos candidatos a acreditación dos requisitos necesarios ou dos méritos previstos para a súa praza.
4. Os requisitos xerais, aos que se sumarán os específicos comprendidos en cada posto, serán os seguintes:
 - a) Ter a nacionalidade española, sen perxucio do disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público
 - b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
 - c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
 - d) Non estar incurso en ningunha das situacións previstas no apartado d) do artigo 56.1 do Estatuto Básico do Empregado Público
 - e) Posuír a titulación académica esixida nos requisitos específicos de cada posto.
5. A acreditación da titulación académica, realizarase mediante a presentación de fotocopia dos títulos ou certificación de ter realizados todos os estudos necesarios para a súa obtención. Serán válidas as titulacións expedidas pola Administración ou por centros legalmente autorizados e recoñecidos ou debidamente homologados. O candidato que resulte proposto para o posto deberá aportar, no prazo que acorde o tribunal, orixinal ou fotocopia compulsada dos títulos ou certificacións presentadas.



C O N C E L L O
DE
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

6. A realización de cursos, acreditarase mediante fotocopia dos títulos ou certificados, nos que conste o número de horas de duración. Para a súa valoración deberán ter sido impartidos pola Administración ou por centros legalmente autorizados e recoñecidos ou debidamente homologados. O candidato que resulte proposto para o posto deberá aportar, no prazo que acorde o tribunal, orixinal ou fotocopia compulsada dos títulos ou certificado presentados.
7. A acreditación do tempo traballado, realizarase mediante certificado de empresa acreditativo ou fotocopia dos contratos de traballo e certificado ou informe de vida laboral da Seguridade Social ou informes de realizar colaboracións con entidades. O candidato que resulte proposto para o posto deberá aportar, no prazo que acorde o tribunal, orixinal ou fotocopia compulsada dos títulos, contratos ou certificados presentados.
8. As instancias presentarase acompañadas do DNI. Así mesmo, presentarase a documentación acreditativa dos requisitos mínimos necesarios para a admisión e achegarase a documentación acreditativa dos méritos alegados na instancia para súa valoración.
9. Deberán presentarse no rexistro municipal en horario de 9:00 a 14:00 horas (sábados 10:00 a 12:00 horas) no prazo de 3 días hábiles que contarán dende o día seguinte á publicación do anuncio na prensa.
10. Unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos coa causa de exclusión, abrindo un prazo de 2 días hábiles para emendar a/as causa/s da exclusión. Unha vez rematado este prazo, publicarase no taboleiro de anuncios a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.
11. Para o caso de que resulten inicialmente admitidos todos os aspirantes, publicarase directamente a lista de aspirantes admitidos, que terá carácter definitivo e pasarase á fase de valoración do concurso.
12. Os tribunais terán a seguinte composición:
 - Presidente: María Isabel Rodríguez López ou traballador no que delegue
 - Vogal 1: María del Mar Carro López ou traballador no que delegue.
 - Vogal 2.- María Belén Taboada Fiaño ou traballador no que delegue
 - Secretario: José Antonio Varela Doval ou funcionario no que delegue.
13. Nomeamentos. Non se efectuarán nomeamentos ata que o candidato proposto polo tribunal, presente, no prazo de 2 días hábiles dente a publicación no taboleiro de anuncio do Concello da acta do tribunal, a seguinte documentación:
 - a) Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.



C O N C E L L O
DE
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

- b) Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
 - c) Declaración responsable de non estar en situación de incompatibilidade segundo a Lei estatal 53/84, do 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas e o RD 598/85 que a desenvolve.
14. Conforme establece o artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de funcións pública de Galicia, no proceso selectivo terá que demostrarse o coñecemento da lingua galega, como requisito previo á valoración de méritos do concurso. Polo tanto, será imprescindible que os candidatos cando menos posúan a certificación da aptitude do curso de lingua galega oral, Celga 1 ou equivalente. Para o caso de non poderse acreditar ningún título, farase unha proba oral na que se deberá demostrar o coñecemento da lingua galega, debendo recibir cando menos a cualificación de apto polo técnico de normalización lingüística do Concello.
 15. Para o caso de baixa ou renuncia da persoa nomeada e contratada, o Concello procederá a substituílo polos seguintes candidatos da lista segundo a orde de puntuación que figura na acta de selección asinada polos membros do tribunal, tendo en conta que o prazo máximo para esta opción será o fixado no contrato laboral temporal correspondente, e en todo caso nunca con posterioridade ao fin do contrato inicialmente firmado pola persoal ao que vai substituír.
 16. Os servizos que constitúen o obxecto destes contratos estarán suxeitos á demanda de actividades por parte dos veciños; no caso de que os servizos municipais de Deportes non considerasen apropiado o inicio dunha actividade en concreto, os contratos non chegarán a formalizarse.
 17. Os servizos municipais de Deportes poderán determinar por razóns de demanda ou outras causas xustificadas, a finalización dunha actividade antes do período inicialmente previsto nas presentes bases o que suporía a finalización do contrato sen dereito a indemnización por este motivo ao ser un contrato por obra ou servizo cuxa duración será a da actividade concreta e como máximo a sinalada como prazo de duración.
 18. As horas previstas poderán modificarse en función da demanda existente e con informe preceptivo do servizo correspondente. En tal caso adaptaríanse as retribucións. Si por calquera circunstancia os monitores teñen que facer horas extras, sempre que os servizos municipais de Deportes as consideren necesarias, a mesmas terán un custo de 7.00 euros.
 19. Realizarase unha entrevista a todos aqueles concursantes, de cada praza, que difiran en dous ou menos puntos con respecto a puntuación mais alta



20. En todo o que non se recolla nas presentes bases, será de aplicación a normativa vixente en materia de selección de persoal ao servizo das Administracións Públicas e en concreto a normativa de selección de persoal da Administración Local. Asemade, aplicaranse, na medida que non contradiga a normativa anterior, as bases xerais aprobadas polo Concello de Abegondo e publicadas no *Boletín Oficial da Provincia* número 275, do luns, 30 de novembro de 1998.

PRAZA OFERTADA

Monitor de ximnasia de mantemento:

1. Funcións: monitor de ximnasia de mantemento ou a que se estime necesaria relacionada co posto.
2. Tipo de contrato e retribucións brutas mensuais:
 - a) Duración do contrato: 09/03/2010 ata alta do monitor titular, con 5 1/2 horas á semana martes e xoves de 19:15 a 20:45 horas e sábados de 11 ½ a 14,00
 - b) Retribucións: 380,00 euros brutos mensuais incluídas extras prorrateadas
 - c) Tipo de contrato: obra ou servizo determinado pola campaña Escolas deportivas campaña 2009/2010
 - d) Grupo de cotización 7, CNAE 8411
3. Criterios de selección:
 - a) Cursos de carácter deportivo:
 - Ata 15 horas: 0,1 puntos
 - Entre 15 e 50 horas: 0,2 puntos
 - De máis de 50 horas; 0,3 puntos
 - Máximo 3,00 puntos
 - b) Experiencia profesional en traballos relacionados coas funcións da praza:
 - 0.25 ptos/mes.
 - Máximo 5,25 puntos
 - c) Traballados como voluntario relacionado co posto
 - * 0,25 ptos/mes
 - Máximo 1,75



Monitor de patinaxe:

4. Funcións: monitor de patinaxe ou a que se estime necesaria relacionada co posto.
5. Requisitos específicos:
 - a) Acreditar dar clases de patinaxe
6. Tipo de contrato e retribucións brutas mensuais:
 - a) Duración do contrato: 15/03/2010 ata 31/05/2010, con 2 1/2 horas á semana e sábados de 11 ½ a 14 horas
 - b) Retribucións: 240,00 euros brutos mensuais incluídas extras prorrateadas
 - c) Tipo de contrato: obra ou servizo determinado pola campaña Escolas deportivas campaña 2009/2010
 - d) Grupo de cotización 7, CNAE 8411
7. Criterios de selección:
 - a) Cursos de carácter deportivo:
 - Ata 15 horas: 0,1 puntos
 - Entre 15 e 50 horas: 0,2 puntos
 - De máis de 50 horas; 0,3 puntos
 - Máximo 3,00 puntos
 - b) Experiencia profesional en traballos relacionados coas funcións da praza:
 - 0.25 ptos/mes.
 - Máximo 5,25 puntos
 - c) Traballados como voluntario relacionado co posto
 - * 0,25 ptos/mes
 - Máximo 1,75

Abegondo a 8 de marzo de 2010
O alcalde,

José Antonio Santiso Miramontes